



Advertido un erro na redacción da Resolución Reitoral do 25 de maio de 2023 pola que se aproba a Normativa de Xestión Académica da Universidade da Coruña para o curso académico 2023/2024, fanse constar as seguintes correccións no epígrafe 24.3:

Onde di:

“A substitución de materias consiste na eliminación dunha ou varias materias e a matriculación simultánea doutra/s materia/s co número de créditos que se indica en cada caso. As novas materias deben ser elixidas entre as que estivesen en condición de matrícula durante o período de matriculación. Antes da presentación da solicitude, o estudante deberá comprobar os requisitos de avaliación que consten na/s guía/s da/s nova/s materia/s matriculada/s.

Os estudantes de primeiro curso por primeira vez:

- Con réxime de dedicación a tempo parcial: unicamente poderán solicitar a substitución de matrícula en créditos correspondentes a materias do primeiro curso da súa titulación.
- Con réxime de dedicación a tempo completo: non poderán facer uso da posibilidade recollida neste epígrafe.”

Debe dicir:

“A substitución de materias consiste na eliminación dunha ou varias materias e a matriculación simultánea doutra/s materia/s co número de créditos que se indica en cada caso. As novas materias deben ser elixidas entre as que estivesen en condición de matrícula durante o período de matriculación. Antes da presentación da solicitude, o estudante deberá comprobar os requisitos de avaliación que consten na/s guía/s da/s nova/s materia/s matriculada/s.

Os estudantes de primeiro curso por primeira vez:

- Con réxime de dedicación a tempo parcial: unicamente poderán solicitar a substitución de matrícula en créditos correspondentes a materias do primeiro curso da súa titulación.
- Con réxime de dedicación a tempo completo: poderán solicitar a substitución no número de créditos que consideren, sempre que o cambio sexa entre materias optativas do primeiro curso.”

O Reitor

Julio E. Abalde Alonso

| Código Seguro De Verificación | PS12bSmBd01+pF/SKGJyew== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso | Asinado | 05/12/2023 14:15:13 |
| Observacións | | Páxina | 1/1 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/PS12bSmBd01+pF/SKGJyew== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

